

**CONVENIO DE COLABORACIÓN EMPRESARIAL ENTRE LA AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE E IPSEN PHARMA S.A.U. PARA LA ORGANIZACIÓN DE UNA JORNADA SOBRE LA INNOVACIÓN ONCOLÓGICA.**

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

A xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

Que a Axencia Galega para a xestión do coñecemento en saúde formalizou, o día 03 de Novembro de 2023, con IPSEN PHARMA S.A.U o instrumento convencional arriba referido, vixente desde o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2024. Non obstante, de conformidade co establecido no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, antes da finalización do prazo de vixencia, os asinantes do convenio poderán acordar a súa prórroga.

Que o instrumento convencional ten por obxecto o desenvolvemento dos fins formativos e de interese xeral que promove ACIS e, en particular, a organización dunha reunión sobre o "Acceso á innovación en oncoloxía" destinada tanto ao público en xeral, como a asociacións de pacientes e a persoal sanitario, que pretende dar unha visión global dos procesos innovadores que se están incorporando no Servizo Galego de Saúde neste ámbito.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional asinado se fundamenta no seguinte:

Mediante o Decreto 112/2015, do 31 de xullo, créase a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS) e apróbanse os seus estatutos. A posta en funcionamento efectivo da Axencia tivo lugar o 1 de xaneiro de 2016, coa entrada en vigor dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.

Entre os obxectivos estratéxicos de ACIS están o de elaborar a planificación en materia de docencia, formación, investigación, innovación e avaliación de tecnoloxías e servizos sanitarios, en función dos criterios e obxectivos de planificación estratéxica definidos polo Servizo Galego de Saúde e pola Consellería de Sanidade e o de xestionar o coñecemento no sistema público de saúde de Galicia.

Segundo o artigo 42 dos seus estatutos, para o cumprimento dos seus obxectivos ACIS poderá contar, entre outros, con recursos procedentes de achegas voluntarias, doazóns, herdanzas, legados e demais achegas a título gratuito de entidades privadas e de particulares.

A Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos

incentivos fiscais ao mecenado regula determinados beneficios fiscais que poden aplicarse as persoas físicas ou xurídicas que colaboren no financiamento de actividades daquelas entidades que poidan ser beneficiarias do mecenado.

Segundo o Artigo 25 da Lei 49/2002, entenderase como convenio de colaboración empresarial en actividades de interese xeral aquel polo cal as entidades ás que se refire o artigo 16, a cambio dunha axuda económica para a realización das actividades efectuadas en cumprimento do seu obxecto ou finalidade específica, comprométense por escrito a difundir, por calquera medio, a participación do colaborador nas devanditas actividades. A difusión da participación do colaborador no marco dos convenios de colaboración empresarial non constitúe unha prestación de servizos.

Que IPSEN PHARMA S.A.U. é unha compañía farmacéutica que centra a súa actividade diaria en prolongar e mellorar a vida dos pacientes e ofrecerlle resultados de saúde innovadores, mediante o desenvolvemento de fármacos innovadores en áreas de oncoloxía, enfermidades raras e neurociencias.

O seu obxectivo é traballar para e cos pacientes. Para conseguilo, ademais de poñer á súa disposición toda a ciencia e os medicamentos innovadores, desenvolve proxectos de sensibilización e educación nas distintas áreas terapéuticas nas que traballa. Estas iniciativas forman parte do seu compromiso cos pacientes, os seus familiares e a sociedade. Un dos seus obxectivos de innovación e investigación é traballar pola calidade de vida dos pacientes que padecen algunha enfermidade.

O Servizo Galego de Saúde e Ipsen Pharma o día 02 de febreiro de 2022 formalizaron o convenio marco de colaboración para a promoción da calidade asistencial, a mellora dos resultados en saúde e o acceso á innovación de pacientes. O obxecto deste convenio é definir o alcance das relacións de colaboración entre ambas as partes, para a promoción da calidade da atención, a mellora dos resultados en saúde e o acceso á innovación, investigación e formación nas áreas de oncoloxía, enfermidades raras e neurociencias.

En dito convenio recóllese que para a materialización dos proxectos que se leven a cabo no desenvolvemento do seu obxecto, deberanse subscribir convenios específicos ou convenios de colaboración. Tamén se indica expresamente que o Servizo Galego de Saúde poderá solicitar a colaboración, da ACIS, para a realización de actividades formativas e non formativas dentro do seu ámbito de actuación estatutario e das súas propias competencias, en relación cos acordos asinados entre as partes para o desenvolvemento do obxecto de dito convenio marco.

Ambas parte están interesadas en colaborar na organización dun encontro entre institucións sanitarias galegas e sociedades científicas rexionais, oncolóxicas e farmacéuticas, orientadas en mellorar e actualizar os seus coñecementos e actualización da inversión en tecnoloxía sanitaria, así como terapias alternativas, co título de 1ª Xornada de Acceso a Innovación



Oncolóxica Galega, dispoñendo da visión multidisciplinar e 360º na abordaxe do cancro en Galicia, aliñado coa súa estratexia rexional, garantindo así os mellores estándares de calidade e excelencia na formación médica especializada.

Dita xornada programarase no primeiro semestre do 2024 no salón de actos da Consellería de Sanidade en Santiago de Compostela.

Coa finalidade de lograr o devandito obxecto, IPSEN comprométese a colaborar economicamente con ACIS. Esta achega económica, cobre a totalidade do custo da actividade descrita, polo que a formalización do presente convenio non comporta gasto para ACIS.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

